



Concello de Oza-Cesuras

BASES DA CONVOCATORIA DO “CONCURSO DE DISFRACES” QUE TERÁ LUGAR NA FESTA INFANTIL DE ENTROIDO 2025

1. OBXECTIVO:

O vindeiro martes 4 de marzo de 2025 levarase a cabo a festa infantil de Entroido no pavillón polideportivo municipal de Cesuras, sito en A Casagrande, nº19 – Dordaño co fin de dinamizar esta festa cultural de tradición entre os veciños de Oza-Cesuras e promover a participación cidadá mediante a presenza do disfrace

2. PARTICIPANTES

Os participantes deberán inscribirse ata ás 14 horas do luns 3 de marzo de 2025 por medio do teléfono, presencialmente en calquera das dúas sedes municipais ou mediante o envío do modelo facilitado polo concello a través da súa páxina web ao enderezo de correo electrónico correo@concellodeozacesuras.es

Para inscribirse será necesario indicar: nome, apelidos, DNI, enderezo, idade, número de teléfono e categoría na que se inscriben.

En caso de menores de idade será necesario indicar os datos dun titor legal.

Os inscritos só poderán participar nunha categoría.

3. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO.

O concurso realizarase o día 4 de marzo na festa infantil de Entroido no pavillón polideportivo municipal de Cesuras, sito en A Casagrande, nº19 – Dordaño.

Os participantes no concurso de disfraces deberán desfilar diante do xurado. Cada membro do xurado outorgará unha puntuación, que debe ser de entre 0 e 10 puntos.

O xurado na valoración terá en conta a orixinalidade e creatividade do disfrace, o esforzo na súa execución primando a elaboración artesanal e a laboriosidade, así como o emprego de materiais reciclados e o desempeño escénico dos participantes.

En ningún caso se contempla o empate, o Xurado terá que determinar o gañador na categoría que corresponda.





Concello de Oza-Cesuras

4. COMPOSICIÓN DO XURADO E ELECCIÓN DE PREMIADOS

O xurado estará constituído por cinco membros, un representante da Corporación Municipal e os catro restantes representantes do tecido asociativo ou cultural do Concello de Oza-Cesuras.

Os membros do xurado deberán formalizar unha acta coas oportunas valoracións na que se propoña a concesión dos premios

O xurado do Concurso de Disfraces do Entroido 2025 pode declarar algún premio deserto se o considera conveniente.

O xurado estará facultado para interpretar estas bases e resolver as dúbidas e cuestións que xurdan no concurso.

5. CATEGORÍAS E PREMIOS

CONCURSO INFANTIL (ATA 16 ANOS):

Dous primeiros premios (un individual e outro de grupo): de 150 € cada un.

Dous segundos premios (un individual e outro de grupo): de 100 € cada un.

Dous terceiros premios (un individual e outro de grupo): de 50 € cada un.

CONCURSO MAIORES:

Dous primeiros premios (un individual e outro de grupo): de 300 € cada un.

Dous segundos premios (un individual e outro de grupo): de 200 € cada un.

Dous terceiros premios (un individual e outro de grupo): de 100 € cada un.

En ningún caso se poderá incrementar o importe total dos premios

6. ENTREGA DE PREMIOS

Os gañadores daranse a coñecer no mesmo día na festa infantil de Entroido, unha vez rematado o concurso.

Os participantes que resulten gañadores recollerán nese momento un vale do premio.

Os premiados deberán presentar os vales nos días seguintes na Casa do Concello de Oza-Cesuras, xunto coa documentación solicitada para a inscrición e un certificado expedido pola entidade bancaria do número de conta a nome do premiado ou representante, no que se efectuará o correspondente pago mediante transferencia bancaria.





Concello de Oza-Cesuras

7. ACEPTACIÓN DAS BASES

Os participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan integramente as presentes bases.

Oza-Cesuras, na data que figura na sinatura electrónica

O ALCALDE,

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

